

I PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DE TERMOS ECONÓMICOS DA FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA NA RADIO FILISPIM

CURSO 2020 -2021

Coa idea de difundir e promover o coñecemento económico en xeral, a Facultade de Economía e Empresa dende o Plan de Acción Titorial (PAT) de maneira conxunta co programa radiofónico “Sábados no Cruceiro” que se emite no 93,9 da FM na Radio FilispiM, así como a través de internet mediante *streaming*, convocan o I PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DE TERMOS ECONÓMICOS DA FACULDADE DE ECONOMÍA E EMPRESA NA RADIO FILISPIM. Mediante este programa propónse ao estudantado unha actividade de divulgación económica a través da elaboración de pequenos vídeos con arranxo ás seguintes bases.

BASES

1.- PARTICIPANTES

Poderá presentar vídeos de xeito individual todo o alumnado maior de idade dos distintos niveis (graos, mestrados, doutoramento, títulos non EEES) da Facultade de Economía e Empresa da UDC.

2.- REQUISITOS TÉCNICOS

- Deberanse elaborar vídeos curtos cunha duración comprendida ente 5-10 min.
- Os vídeos deben comezar cunha pregunta “Sabes...?”. Por exemplo, “Sabes cal é a diferenza entre unha tarxeta de crédito e débito?” ou “Sabes o que é a prima de risco?”.
- Os vídeos deben rematar coa frase “Se tes algunha dúbida de Economía preguntanos a nós!”
- O audio deses vídeos emitírase a través de radio, polo que se debe ter en conta á hora da súa realización, para que aínda a pesar de non levar imaxe sexa comprensible e teña unha certa calidade.
- Os vídeos deberán ter pequeno peso e o formato será compatible para subirse a redes sociais (Instagram):
 - Formato MP4
 - Relación de aspecto de 9:16 (vídeo vertical) ou 16:9 (vídeo horizontal).
 - Unha resolución mínima de 720 píxeles.


3. SOLICITUDES E LUGAR DE PRESENTACIÓN

A persoa participante no vídeo deberá ser quen solicite a inscrición no programa. Para iso será preciso cubrir o **Formulario de solicitude de participación**, dispoñible no seguinte enderezo: <http://bit.ly/patfilispim>.

Posteriormente, **enviarase o vídeo correspondente ao correo electrónico pat.fee@udc.gal** poñendo no asunto o nome e apelidos da persoa solicitante e o título do vídeo. Non se aceptarán propostas que non cubrisen previamente o formulario.

Código Seguro De Verificación	0fqIsTRVRJYZjNTl1UXtkg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	25/03/2021 10:36:20
Observacións		Páxina	1/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fqIsTRVRJYZjNTl1UXtkg==		





A UDC resérvase o dereito de poder esixir ás persoas seleccionadas aqueles documentos que estime oportunos para acreditar a súa vinculación coa Universidade da Coruña.

No caso de que aparezan persoas recoñecibles no vídeo/audio, ademais do participante, deberase acompañar dunha carta asinada polas devanditas persoas autorizando o uso da súa imaxe, ou, en caso de que as devanditas persoas recoñecibles sexan menores de idade, unha carta asinada polo pai e a nai ou os tiores do/da menor.

4.- DIFUSIÓN

Os vídeos difundiranse a través do perfil de Instagram do PAT (@pat.fee.udc), así como o audio do vídeo a través dunha sección no programa “Sábados no Cruceiro” de Radio FilispiM e podcast en Ivoox.

Así mesmo Radio FilispiM e o programa Sábados no Cruceiro poderán difundir o vídeo nas súas redes sociais de Instagram (@radiofilispim, @sabadosnocruceiro), Facebook (Sabadosnocruceiro), Twitter (@sabadosCruceiro) e Páxina web (www.sabadosnocruceiro.es).

En cada programa de Radio emitirase 1 ou 2 dos vídeos seleccionados, que serán subidos tamén ás redes mencionadas.

5.- DEREITOS

O feito do envío do vídeo comprende a cesión irrevogable de tódolos dereitos sobre as gravacións e a utilización realizada destes materiais polas radio e programa nos termos mencionados nos parágrafos anteriores así como polo PAT da FEE, sempre facendo mención ao/a autor/a do mesmo.

6.- SELECCIÓN

A Selección dos vídeos/audios para a difusión nos medios mencionados farase en base á súa calidade, contidos e interese dos aspectos tratados no vídeo por profesorado da FEE e por membros do programa “Sábados no Cruceiro”.

7.- PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados polos participantes nesta actividade serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico rpd@udc.gal. Os datos facilitados polos participantes nesta actividade serán recollidos polo PAT da FEE, en particular pola súa coordinadora.

A finalidade do tratamento destes datos persoais é a participación no I PROGRAMA DE DIVULGACIÓN DE TERMOS ECONÓMICOS DA FACULTADE DE ECONOMÍA E EMPRESA NA RADIO FILISPIM. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 LOPD. Os vídeos/audios difundiranse nos medios recollidos no punto 4 destas bases e conservaranse en ficheiro electrónico polo PAT da FEE.

Código Seguro De Verificación	0fqIsTRVRJYZjNTl1UXTkg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	25/03/2021 10:36:20
Observacións		Páxina	2/3
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fqIsTRVRJYZjNTl1UXTkg==		






O tratamento dos datos persoais nesta actividade está baseado no consentimento da persoa participante, a cal terá dereito a retiralo en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 RXPD. Así mesmo, terá dereito a exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade, nos termos e casos recoñecidos na lexislación vixente. Tales dereitos poderanse exercer directamente ante a coordinadora do PAT, ou tamén nalgunha das formas recollidas no seguinte enlace https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/.

Asinado dixitalmente na Coruña por,

Manuel Alberto Gómez Suárez

Decano da Facultade de Economía e Empresa

Código Seguro De Verificación	0fqIsTRVRJYZjNTl1UXtkg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Manuel Alberto Gómez Suárez	Asinado	25/03/2021 10:36:20	
Observacións		Páxina	3/3	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fqIsTRVRJYZjNTl1UXtkg==			